

Volta e Dálle... e van dez anos

O 30 de marzo de 2001, a compañía Volta e Dálle estreaba a súa primeira producción, *¡Furga Garabela!*. Con aquel espectáculo inspirado na figura dos afiadores, a compañía iniciaba unha liña de traballo creativo, comprometido coas raíces da cultura galega, e cunha visión crítica da realidade. Unha década despois, continuamos fieis a aquela liña, conscientes da importancia do teatro como ferramenta para a transmisión doutras formas de ser e de pensar. Chegamos até aquí grazas ao apoio de moitas persoas que, dun xeito ou outro, hoxe son parte da compañía.

A todas as persoas que achegaron o seu tempo e as súas ideas a algunha das producións, e a aquelas que integraron o noso público, vai hoxe o noso máis caloroso aplauso.




Rúa Torreira 4 baixo esquerda
15898 Compostela
981574017 686483884
voltaedalle.com

VOLTA E DÁLLE TEATRO PRESENTA:

MENCIÑEIROS

(APARTIR DE ESCOLA DE MENCIÑEIROS DE AWA BO CUNQUEIRO)



ELENCO: PEPE PENABADE, MINIE MERO



TÓS QÚNQUILLANS



Mondariz-Balneario



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura

MENCIÑEIROS

FICHA TÉCNICA

Autor orixinal: Álvaro Cunqueiro

Adaptación: Lucho Penabade

Elenco: Pepe Penabade, Mini e Mero

Música orixinal: Mini e Mero

Espazo sonoro: Xacobo Castro

Deseño de iluminación: Xacobo Castro

Vestuario: María Chenut

Espazo escénico: Pepe Penabade

Deseño gráfico: Xosé Vizoso e Pancho Lapeña

Fotografía: Xan G. Muras

Técnico: Xacobo Castro

Dirección: Lucho Penabade e Comba Campoy

Axudante de dirección: Víctor Mosqueira

Producción: Volta e Dálle Teatro

Distribución: Pepe Penabade

Comunicación: Ana Triñanes

Agradecementos:

Miguel Betés, Ricardo Castro, Xulia do Claveiro, Carlos Campoy, Manolo Mato, Santi Sanmartín e a tod@s @s que colaboraron no espectáculo.

DADORES DE SAÚDE, SAUDADORES!

Meiga, mago, encantador, curandeiras, feiticeiros
Druída, adiviña e dona... Videntes e menciñeiro.
Saudadores do rural, campesiños e gandeiros,
puxeron remedio á dor, partindo de poucos medios.

Atallaban todo o mal, toda mágoa era doença;
medos, angustias, soildades e tamén o mal de ausencias.
Esquecementos e vicios, malos costumes e envexas,
aires, sopros, brisas lurpias, enganidos, sombras mestas.

Buscaban augas e flores, recendos, follas e herbas,
pócemas de nostalxias para curar as noitebras.
Ungüentos, aceites, graxas, dando quenturas e fregas
Tesouros e más segredos que habitan nas nosas terras.

E así curar eses fríos das tantas noites de inverno,
aliviando as amarguras as de fóra e as de dentro.
Buscando detrás dos ollos con pleno coñecemento,
as feridas e os pesares, os males de esquecemento.

Letra: Mero

Música: Mini